

RADIO BULEBULE

Textos e música de PACO NOGUEIRAS

Ilustracións de DAVID PINTOR

Videoclips de JOSÉ MIGUEL SAGÜILLO

Limiar de XURXO SOUTO

Epílogo de PONTE... NAS ONDAS!

Encadernado en cartón. 16 x 16 cm. Libro-CD-DVD. 48 páx. 23 €

ISBN 978-84-8464-308-1. Música.

PREMIO MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA INFANTIL 2021

Abre as orellas, palabras a voar

saíndo pola antena, aterrando polo chan.

O falar non ten cancelas, vai de aquí para acolá.

Chega a radio falangueira que te vai facer pensar...

O medio radiofónico inspira as doce cancións de «Radio Bule Bule» tras «Brinca vai!» (Premio Martín Códax de Música Infantil 2016) e «Extra!». Os temas dispóñense ao xeito da grella de programación dunha peculiar emisora na que non faltan sintonía de entrada, axenda cultural, *magacín* de variedades —tendencias, ciencia, natureza...—, faladoiro, música, noticias, información deportiva e ata previsión meteorolóxica. Inspirado nas ondas *herztianas*, entre as composicións tamén están presentes as transicións, os indicativos, os sinais horarios e outros elementos sonoros propios deste versátil medio xornalístico. Fiel á frescura do seu estilo e á súa conexión coa cativada, o autor coida as letras e as melodías, que destacan polos ritmos modernos, pegadizos e bailables, invitando á participación do público.

Como en cada traballo de Paco Nogueiras, este libro-CD-DVD converteuse nun [espectáculo](#) co que o compositor e intérprete percorre festivais, escenarios e escolas de toda Galicia.

Ademais, volve contar co ilustrador David Pintor que, co colorido e a expresividade como marcas de identidade, representao cos seus característicos lentes e co seu inseparable chapeu azul. Como novidade, os videoclips que dirixe José Miguel Sagüillo forman unha curtametraxe.

Unha ducia de xornalistas e comunicadores acompañan «Radio Bule Bule» con textos sobre o valor da radio como ferramenta informativa, a súa utilidade no eido escolar a través da expresión oral ou o desenvolvemento de habilidades sociais e tecnolóxicas.



■ **Temática:** libro-cd-dvd con cancións sobre o medio radiofónico.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** inclúe textos de colaboración elaborados por profesionais da comunicación e da radio; medios de comunicación, expresión oral; do autor de «[Brinca vai!](#)», «[Extra!](#)» e «[Son animal!](#)»; do autor da colección «[Cidades](#)», «[Tartaruga vs. Lebre](#)» e ilustrador de «[Sete chaves para abrir os soños](#)», «[Almanaque musical](#)», «[Contos para nenos que dormen deseguida](#)» e «[Nicomedes o pelado](#)».

■ **En Kalandraka TV:**

<https://kalandraka.tv/gl/videos/radio-bulebule-paco-nogueiras/>

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/radio-bulebule-g>

Paco Nogueiras

(Santiago de Compostela, 1970)

Diplomado en Graduado Social, músico e actor. Tras formarse cos artistas Andrés Pazos e Fabio Mangolini, impartiu clases de teatro e dirixiu representacións en entidades culturais e escolas. Participou en grupos de música tradicional e foi creador da banda sonora de espectáculos teatrais, musicais, de danza e dunha serie infantil da TVG. Ten colaborado con varias formacións escénicas e musicais. Recibiu o Premio Martín Códax de Música Infantil en 2016 por «Brinca vai!» e 2021 por «Radio Bulebule». Ademais dos espectáculos baseados no seu repertorio, que suman máis de mil actuacións, participa na Campaña de Animación á Lectura de KALANDRAKA.

<https://paconogueiras.com>

David Pintor

(A Coruña, 1975)

Humorista gráfico, ilustrador e pintor. Recibiu, entre outros, os premios Andersen 2015, Nami Island 2013, Society of News Design, Pura e Dora Vázquez, o Clermont-Ferrand, Città del Sole, o 2.º Premio da Feira do Libro de Sharjah por «Almanaque musical» e o Premio Follas Novas 2022 por «A Coruña». Ademais, foi finalista dos CJ Picture Book Awards (2011) e incluído na lista The White Ravens (2009, 2011 e 2014). A súa obra foi seleccionada en varias edicións da Bienal de Ilustración de Bratislava e da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña.

<http://www.davidpintor.com>

José Miguel Sagüillo (Sr. Sagüillo)

(Vigo, 1978)

Licenciado en Belas Artes. Artista visual, especialista en animación 3D, deseño gráfico, motion graphics, ilustración, edición e postproducción de vídeos corporativos-promocionais, curtametraxes e videoclips musicais como «Brinca vai!», «Radio Bule Bule», «Extra!» e «Canta connosco!». Director da webserie Dálle Jas!. Autor de murais artísticos en espazos urbanos de Vigo.

<http://srsaguillo.com>